

Día a día con diabetes

Ciclos: 2º e 3º

Tema: Medir a glicosa

1/2

PROFESOR

ALUMNOS



www.fundaciondiabetes.org

Probablemente observaches que o teu compañeiro ou compañeira ten un aparato que se parece a un MP3 ou a un móbil.

Se lle preguntas, dirache que lle serve para saber canta **glicosa** hai no seu sangue (tamén pode dicirche que é para "mirar o azucre").


Como?



Pícase cunha especie de boli que no seu interior ten unha especie de agulla.

Con iso consegue unha gota de sangue do seu dedo.

Insire un anaquiño de plástico (tira reactiva) na máquina e logo pon nela unha gota de sangue.



Agarda uns segundos e sae un número na pantalla.

Esa será a glicosa que ten.

Día a día con diabetes

Ciclos: 2º e 3º

Tema: Medir a glicosa

2/2

PROFESOR

ALUMNOS



www.fundaciondiabetes.org

No sangue debe haber, máis ou menos, a mesma cantidade de glicosa.

Cando a persoa non ten diabetes é o páncreas quen se encarga de vixiar que así sexa, fabricando só a necesaria.

Como o teu compañeiro ou compañeira ten diabetes, debe ser el/ela quen vixie a glicosa que hai no seu sangue e quen calcule canta insulina necesita.

Pero eses cálculos son algo complicados e é por iso polo que os estuda coa súa enfermeira ou cos seus pais:

- Ten que saber canta **glicosa** lle dará o que comeu e, aproximadamente, canta vai gastar co exercicio.

Só así saberá a **insulina** que necesita inxectarse.

Por iso a comproba varias veces ao día, xa que a diabetes fai que cambie a cantidade de glicosa que ten segundo as circunstancias..

Pode que a vexas facelo nos recreos, na clase de educación física, no comedor, etc.

Ás veces, tamén debe comprobar a glicosa na metade dunha clase, sobre todo se pensa que nese momento ten moi pouca (hipoglicemia).

Non doe, só molesta un pouco. Menos que cando te picas coa espiña dunha rosa.